DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Data e hora: 27/10/2026 18:00
SELO SECRETARIA XERAL ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS
NÚMERO: 2026 / 46576

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 27/10/2026 17:59
Presidente da Deputación Provincial da Coruña

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade

Referencia: FO103D / 2027
Expediente convocatoria: 2026000028004

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE NA PROVINCIA DURANTE O ANO 2027 (FO103D / 2027)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2027", e vistos os informes do Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2027", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2027 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2027", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2027, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 1 de marzo de 2027, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE NA PROVINCIA DURANTE O ANO 2027

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade
Sección	Sección de Deportes e Mocidade
Anualidade	2027
Denominación	Programa de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2027
Beneficiarios	Entidades deportivas sen fins de lucro, legalmente constituídas, que organicen o evento deportivo singular de especial interese
Programa	FO103D/2027
Aplicación orzamentaria	0611/3411/481
Importe da convocatoria	500.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 50.000 €
Importe da subvención que se vai conceder	De 6.000 € a 70.000 €
Importe solicitado	Do 12% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	Variable entre 0,12 e 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, así como ao mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 8: "Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde", e ao seu obxectivo operativo O.40 (Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social), mediante o apoio á realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte dentro da provincia.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a sufragar os gastos inherentes á organización de grandes eventos deportivos, promovidos por entidades deportivas, de carácter relevante (pola súa incidencia en termos deportivos, sociais e económicos: xeración de ingresos ou beneficios para os territorios) na provincia.

O evento desenvolverase de xeito ininterrompido nunha ou varias xornadas consecutivas.

O evento deberá ter carácter competitivo e estar incluído no calendario de competicións da federación correspondente.

O evento deberá ter un orzamento de gastos igual ou superior a 50.000 € que deberá acreditarse na xustificación.

Cada entidade presentará o proxecto dun só evento.

Serán de exclusiva responsabilidade da entidade a organización do evento e as obrigas fiscais e de Seguridade Social que se deriven. Así mesmo, a obtención de todas as autorizacións necesarias para a súa realización (ocupación de vías públicas, etc...).

O nome da Deputación Provincial da Coruña non poderá figurar no título dos eventos a realizar polas entidades se non contan con autorización expresa da Deputación.

2.2 Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2027**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.
Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse xustificantes que sexan expedidos antes do 16 de xaneiro de 2028.

2.3 Finalidade

Con esta convocatoria de subvencións, a Deputación apoia a realización de grandes eventos deportivos singulares na provincia, promovidos por entidades deportivas sen ánimo de lucro. A igualdade e o deporte inclusivo son tamén esenciais nas políticas de promoción do deporte impulsadas pola Deputación da Coruña.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar subvencións neste programa as entidades deportivas sen fins de lucro, legalmente constituídas, que organicen o evento e cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Deberán contar cun mínimo de 25 persoas socias de pleno dereito, agás as fundacións e as federacións que se rexerán pola súa normativa específica.

Deberán acreditar ser as organizadoras do gran evento deportivo para o que solicitan a subvención.

Entidades excluídas:

- Entidades deportivas que foran sancionadas pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes.
- Entidades deportivas que discriminen nos premios ou recoñecementos que outorguen ás persoas deportistas por razón de xénero.
- Entidades deportivas que non teñan adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no momento da solicitude.
- Federacións deportivas que non teñan adaptados os seus estatutos á Lei 3/2025, do 15 de decembro, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Entidades deportivas, que non teñan actualizados os datos da súa xunta directiva no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, segundo a normativa vixente.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1 Gastos subvencionables:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL (*)
600	Compras de bens destinados á actividade (material deportivo non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
621	Arrendamentos e canons (arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións)
623	Servizos profesionais independentes (honorarios de profesionais independentes)
624	Transportes (utilización de medios de transporte público para o desenvolvemento da actividade)
625	Primas de seguros (seguros de responsabilidade civil)
627	Publicidade e propaganda
629	Outros servizos (manutención, avituallamento e aloxamento)
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
650	Transferencias (premios monetarios)
651	Axudas non monetarias (trofeos, medallas ou calquera outro artigo en concepto de premio pola participación no evento)
652	Dereitos da arbitraxe
653	Compensación de gastos por prestacións de colaboración (indemnizacións por manutención e desprazamentos)
656	Gastos de participación en competicións deportivas federadas (gasto de inscricións do evento)

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

- Os gastos subvencionables para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención serán unicamente os gastos de carácter corrente e os gastos de adquisición de materiais funxibles xerados pola realización das actividades deportivas; en ningún caso bens inventariables.
- Respecto dos gastos de transporte, de aloxamento e de manutención ou avituallamento, terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.
- No caso de incluír gastos de persoal a entidade terá que orzamentar separadamente o importe correspondente aos soldos e salarios (conta 640) e o importe da seguridade social a cargo da entidade (conta 642).
- Unicamente se terán en conta os gastos do persoal contratado para as actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.

- Na conta 607 “Traballos realizados por outras empresas” inclúense:
    - Os traballos do proxecto encargados a outras empresas.
    - Os gastos de manutención ou aloxamento do persoal externo á entidade solicitante necesarios para a realización da actividade.

4.2 Gastos excluídos:

- Gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes).
- Gastos de adquisición de bens inventariables.
- Gastos derivados doutras actividades realizadas polo club.
- Gastos derivados de viaxes de ocio.
- Gastos financeiros e os de xestoría.
- Gastos suntuarios.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades

As subvencións deste programa:

- Son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Son incompatibles coa presentación de solicitudes aos programas FO104 e FO104V da Deputación Provincial da Coruña.

5.2 Exclusións

Non serán subvencionables neste programa:

- Eventos deportivos cun orzamento de gastos inferior a 50.000 €.
- Actividades de fomento da actividade física e do deporte, que poidan ser obxecto de subvención a través do programa FO103A.
- Participación en competicións oficiais federadas, que poidan ser obxecto de subvención a través dos programas FO103B e FO103C.
- Actividades culturais, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o

cumprimento deste límite, considerarase que existe só unha persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as entidades beneficiarias deberán cumprir os seguintes compromisos e obrigas:

A) Compromisos e obrigas de publicidade

As entidades beneficiarias deberán facer constar a colaboración da Deputación da Coruña, de acordo co disposto a continuación:

1. Invitar á Deputación Provincial da Coruña a calquera acto de presentación ou entrega de premios relacionado coa actividade subvencionada. A través do correo electrónico: presidencia@dacoruna.gal. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

2. Incluír o logotipo da Deputación en todos os medios impresos de carácter deportivo da entidade relacionados coa actividade subvencionada facendo constar ao seu carón o texto: “O deporte fainos grandes”. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

3. Colaborar e prestar a súa imaxe a aqueles programas ou actividades que o precisen, cando sexa requirido pola Deputación da Coruña. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

4. Realizar a presentación oficial do evento, no lugar e data acordada coa Deputación. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

5. Colocar 5 lonas de 3 x 1 m, e 10 bandeirolas publicitarias (fly banner, roll-up ou similar) onde figure exclusivamente o logotipo da Deputación da Coruña facendo constar ao seu carón o texto: “Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña”, durante a realización do evento, e nun lugar preferente (no caso de ser retransmitido dalgún xeito, terán que estar a tiro de cámara). Para a súa acreditación achegarase fotografía feita durante a realización da actividade subvencionada.

6. Incluír o logotipo da Deputación na páxina web, e/ou redes sociais e/ou medios audiovisuais (no caso de que a entidade dispoña destes medios). Para a súa acreditación achegarase ligazón.

7. Incluír o logotipo da Deputación nos dorsais facendo constar ao seu carón o texto: “O deporte fainos grandes” (agás que a entidade acredite que non é posible en función do regulamento do evento ou actividade de que se trate). Para a súa acreditación achegarase fotografía.

8. Incluír o logotipo da Deputación no fondo das roldas de prensa relacionadas co evento (agás que a entidade acredite que non as celebrou). Para a súa acreditación achegarase fotografía.

9. Incluír o logotipo da Deputación na entrega de premios (podio) do evento (agás que a entidade acredite que non é posible en función do evento ou actividade de que se trate). Para a súa acreditación achegarase fotografía.

10. Incluír o logotipo da Deputación Provincial da Coruña nas camisetas e outra vestimenta deportiva subvencionada utilizada para a realización da actividade cun mínimo de 150 mm x 63 mm na parte dianteira preferiblemente. Para a súa acreditación achegarase fotografía feita durante a realización da actividade subvencionada.

11. Se a actividade é retransmitida en streaming será preciso indicar no pé de pantalla “actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña”. Para a súa acreditación achegarase fotografía ou ligazón.

Os elementos publicitarios terán que estar presentes en aqueles eventos que discorran por máis dun concello nos que se prevexan reagrupamentos, avituallamentos, ou concentracións dos participantes.

En todo caso o logotipo terá que ir nun lugar visible e o seu tamaño deberá coincidir co logotipo de maior tamaño dos outros colaboradores (agás no caso das camisetas que teñen o seu tamaño establecido) e deberá ter as seguintes características:

- Cor PANTONE 2757C C:100 M:81 Y:00 K:51.
- Tipografía Aller Regular Bold, Light.
- No caso de que a cor de fondo sexa escura (roupa, lonas, etc), a cor do logotipo será branca. Non servirá ningún outro logotipo ou escudo ou anagrama que non sexa o descrito anteriormente. Pódese descargar da páxina web en (https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos).

A non acreditación das obrigas de publicidade recollidas nalgún dos puntos 5, 6, 7 8,

9 10 e 11 dará lugar á redución dun 25% do importe da subvención a aboar.

B) Outros compromisos e obrigas

Acreditar a execución do orzamento de gastos por importe mínimo de 50.000,00 €. Para a súa acreditación achegarase certificación asinada pola secretaría da entidade co visto e prace da súa presidencia.

A Deputación Provincial da Coruña resérvase o dereito a incluír no recinto ou zona deportiva onde se celebre a actividade obxecto da subvención todo tipo de publicidade institucional, mediante a instalación dos elementos ou soportes publicitarios considere oportunos, correspondéndolle á entidade beneficiaria da subvención, a obriga de proceder á súa colocación e á súa recollida.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias e será aprobada por resolución da presidencia.

A cantidade que se concederá dependerá da suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os 70.000 €.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

8.2 Valoración das solicitudes

Para a valoración das solicitudes nomearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito deportivo obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningunha das entidades solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A entidade deberá completar todos os apartados da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo, nin se fará requirimento deles, aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

No caso de contradición entre a memoria e os datos completados na solicitude prevalecerán os datos contidos na memoria.

No caso de discrepancia entre os datos declarados pola entidade e os datos que constan nas certificacións da federación competente, tomaranse como válidos os datos que figuren

nas certificacións.

8.2.a VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 70 puntos

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 10 puntos.
- Número total de deportistas que participan no evento: ata 5 puntos.
- Número de deportistas femininas que participan no evento: ata 15 puntos.
- Número de deportistas menores de 18 anos que participan no evento: ata 15 puntos.
- Ámbito do evento: ata 15 puntos.
    - autonómico: 5 puntos
    - nacional: 10 puntos
    - mundial: 15 puntos
- Carácter extraordinario do evento (evento non recorrente, único ou puntual): ata 5 puntos.
- Número de habitantes do concello no que se realiza o evento: ata 5 puntos.

  Cando a entidade realice diferentes actividades en diferentes concellos indicará o de menor poboación.

  Cando a realización da actividade supoña o paso por varios concellos, a entidade indicará ou o concello de saída ou o de chegada seguindo o criterio do de menor poboación.

8.2.b VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 30 puntos, *a través de informe da Comisión de Valoración Técnica, en que se teñen en conta os seguintes aspectos:*

O interese da proposta presentada: ata 30 puntos.

- Calidade da memoria e solvencia técnica da proposta. Ata 15 puntos.
- Impacto deportivo, social e económico dos eventos deportivos da entidade ao longo do ano da entidade: valoraranse o historial de eventos, o persoal contratado e os beneficios económicos previstos para o territorio dos eventos da entidade ao longo do ano. Ata 10 puntos.
- Plan de comunicación do evento: valoraranse a estratexia e a amplitude de medios aos que vai dirixido. Ata 5 puntos.

8.3 Causas de exclusión

Quedarán excluídos das subvencións as solicitudes que non acaden un mínimo de 15 puntos na valoración da comisión técnica.

A Comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de

novembro, xeral de subvencións.

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2028, ás 14:00 horas.

Para o pagamento da achega a entidade deberá xustificar a execución do programa mediante a presentación da documentación recollida no Anexo II e practicándose as reducións oportunas de acordo coa base 7 das específicas e as establecidas na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Base 10. Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás entidades solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento ás outras obrigas establecidas nas bases reguladoras en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recoller datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estatísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento autoriza á Deputación á utilización do enderezo de correo electrónico, facilitado na solicitude, para informar das actividades en materia de

deportes organizadas pola Deputación que considere de interese. Esta autorización é opcional.

- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases reguladoras.
- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos das distintas empresas provedoras, no caso de que contrate cunha mesma empresa provedora un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) pola prestación dun servizo, e a que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Documentación:

- Certificación do acordo de solicitude de representación, delegación, cargos da entidade e número de persoas asociadas.
- Memoria da solicitude.
- Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo).
- Certificación da federación correspondente en que se acredite que o evento é competitivo e está incluído no calendario de competicións oficiais, indicando o ámbito do evento: autonómico, nacional ou mundial.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases reguladoras.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nestas bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: a entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (esta declaración suporá unha REDUCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

Documentación:

- Acreditación da representación, delegación e cargos da entidade, no seu caso.
- Memoria xustificativa.
- Relación clasificada dos gastos realizados: documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da actividade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.

  No suposto de que se xustifiquen gastos de persoal, no detalle de gastos indicarase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina (conta 640) e o importe da seguridade social con cargo á entidade (conta 642) que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado.

  No caso de subvencións concedidas por importe igual ou superior a 60.000,00 €, ademais da documentación anterior deberán achegar as facturas ou documentos equivalentes incluídos na relación clasificada de gastos.
- Relación detallada dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos

RPT-21603607

propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.

- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

- Certificación do cumprimento da obriga de execución do orzamento de gastos mínimo de 50.000 €. Este documento deberán asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións de secretaría e a persoa que exerza a representación legal da entidade.

- Proba documental dos medios polos que se lle deu difisión á subvención concedida e do uso da lingua galega.

- No caso de que contratase cunha mesma empresa provedora un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo: copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación Provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.

- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Poderán solicitar subvencións neste programa as entidades deportivas sen fins de lucro, legalmente constituídas, que organicen o evento e cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a sufragar os gastos inherentes á organización de grandes eventos deportivos, promovidos por entidades deportivas, de carácter relevante (pola súa incidencia en termos deportivos, sociais e económicos: xeración de ingresos ou beneficios para os territorios) na provincia. O evento desenvolverase de xeito ininterrompido nunha ou varias xornadas consecutivas. O evento deberá ter carácter competitivo e estar incluído no calendario de competicións da federación correspondente. O evento deberá ter un orzamento de gastos igual ou superior a 50.000 € que deberá acreditarse na xustificación.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 500.000 €, con cargo á partida 0611/3411/481 do Orzamento ordinario para 2027. As axudas para conceder terán un mínimo de 6.000 € e un máximo de 70.000 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 1 de marzo de 2027, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Podrán solicitar subvenciones en este programa las entidades deportivas sin ánimo de lucro, legalmente constituidas, que organicen el evento y cumplan los requisitos de esta convocatoria y los establecidos en la Ordenanza general de subvenciones y transferencias en el momento de presentar la solicitud.

Segundo. Objeto

Las ayudas económicas objeto de este programa se destinarán a sufragar los gastos inherentes a la organización de grandes eventos deportivos, promovidos por entidades deportivas, de carácter relevante (por su incidencia en términos deportivos, sociales y económicos: generación de ingresos o beneficios para los territorios) en la provincia. El evento se desarrollará de forma ininterrumpida durante una o varias jornadas consecutivas. El evento deberá tener carácter competitivo y estar incluido en el calendario de competiciones de la federación correspondiente. El evento deberá tener un presupuesto de gastos igual o superior a 50.000 €, que deberá acreditarse en la justificación.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 500.000 €, con cargo a la partida 0611/3411/481 del Presupuesto ordinario para 2027. Las ayudas que se concedan tendrán un importe mínimo de 6.000 € y un máximo de 70.000 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 20 de noviembre de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 1 de marzo de 2027, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria se realizarán por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña.